

**MOCIÓN DO PSdeG-PSOE PARA DOTAR DE UN NOME OFICIAL AO
PAVILLÓN SITO NA RÚA VILA DE NOIA**

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nunha das últimas reunións do consello de deportes, algúns colectivos manifestaron a conveniencia de dotar dun nome propio ao pavillón que actualmente se coñece como "Vila de Noia", non por ser este o seu nome oficial, senón por estar situado nesa rúa.

Comentouse que equipos foráneos tiveron complicacións á hora de arribar ao devandito pavillón, pois o descoñecemento da zona e a ambigüidade que a miúdo mostran os dispositivos gps, xogáronlles "malas pasadas" en varias ocasións.

Por todo isto, o Partido Socialista de Carballo propón a este Pleno Municipal o seguinte

ACORDO

Empregando o procedemento que o equipo de goberno considere conveniente, se de inicio a un proceso co fin de dotar dun nome propio oficial ao pavillón mencionado e sito na rúa Vila de Noia da nosa localidade..

Carballo a 15 de Outubro do 2019.
María Carmen Vila Blanco.
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL